

deBullando

O LATEXO DA EDUCACIÓN

No corpo social, a educación é un motor. Un corazón que latexa a diferente ritmo segundo os tempos. Hai intres nos que bate con forza no peito porque camiña á par dunha Administración que cobre e amplía as necesidades da poboación. Hai outros que supoñen paradas e incluso pasos atrás, como sucede cando a igualdade de oportunidades se volve falacia e a infancia se coloca en risco de pobreza física e mental.

Tempos de retroceso

Non é necesario explicar que, co pretexto da crise, estamos nun destes momentos. O ensino público atafégase mentres se lle ceden orzamentos ao privado (chamado concertado)..., sen sequera parar ante a segregación de sexos. Argumentos como o dereito á elección de centros por parte das familias ou os do imprescindible papel destas empresas para atender o que non dá cuberto o ensino público han de situarse neste contexto.

Abonda con contemplar as subvencións de novas aulas mentres se eliminan unidades no público; tamén o reparto do alumnado, que converte os públicos en asembleas da ONU (etnias, linguas, diferenzas e desigualdades), mentres os demais gozan dunha acomodada selección, que se fai evidente na diferenza final entre o alumnado ao que atende un e o alumnado ao que atenden outros. Sabemos, ás veces sen querer pasalo pola consciencia, que un negocio non é un servizo, agás moi

loables excepcións, que son iso, excepcións.

Distinta é a situación dos centros realmente privados, aqueles que se manteñen totalmente coas aportacións das familias. Eses pais e nais teñen todo o dereito a escoller entre un traxe de Carolina Herrera ou un de Roberto Verino, pero sen pedirnos aos demais (clientes das tendas máis populares) que lles sufraguemos os gustos ou a elegancia mercada.

Os enunciados e as realidades

A educación ten entre os seus obxectivos a preparación para formar parte activa da sociedade, o desenvolvemento de capacidades para saber formarse ao longo da vida, as competencias para a incorporación ao mundo laboral, a asunción de valores democráticos, a transmisión do patrimonio cultural e científico que cohesiona a sociedade da que forma parte...

Palabras grandes e solemnes: igualdade de oportunidades, calidade educativa, inclusión social... O sonho dun sistema educativo compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais. Unha utopía que nos ilusiona porque queremos e necesitamos desa escola equilibradora que se esforza por neutralizar as debilidades de orixe familiar e social.

Porén, palabras como fracaso escolar, absentismo, abandono temperán son síntomas de que a igualdade de oportunidades está oca e que o sistema reproduce a división social.

deBullando

Sucédense programas ou currículos que, lei tras lei, decreto tras decreto, se esforzan por definir cal é o corpo cultural que debemos dixerir, deducindo que desa inxestión, sairán *ex opere operato* os beneficios dunha cidadanía activa e ilustrada. O resultado vén sendo o de “case sempre”; pero en roupa pretendidamente nova.

A contracorrente

Non negaremos que hai profesorado moi preocupado por estes aspectos, que traballa a favor da inclusión con todas as súas forzas. Faino a pesar de que o sistema non lle facilite as ferramentas necesarias, ou de que o pequeno instrumental que ten á man dependa doutros profesionais que igual non teñen as mesmas metas ou non están dispostos a loitar por elas co mesmo esforzo. A frustración destes mestres (porque o son, máis ca profesores, con independencia do nivel educativo no que traballen) non impide que o seu quefacer sexa coherente e moi meritório. Eles encabezan os movementos de renovación pedagóxica e encontrámoslos formando parte da innovación educativa. Esfórzanse a favor da calidade e a equidade, da superación de prexuízos e falsos discursos da maneira que cada tempo lles permite, mais non se acovardan. Algúns deles veñen de moito atrás. Víronse obrigados a xurar os principios do Movemento por comezar a traballar antes da morte do Dita-dor, pero non se arredaron. Renovaron as aulas, a forma de aprender, dignificaron os seus alumnos, cuestionaron a cultura oficial, loitaron pola lingua propia, proxectaron un coñecemento diferente para unha sociedade diversa, pola porta comezaron a entrar os dereitos das minorías, a consciencia da violencia de xénero, o debate medioambiental..., sempre un paso por

dian-te da Administración e, moitas das veces..., a contrapaso.

O panorama do común

Porén, non todo o profesorado é así, pode incluso que unha maioría transite polos camiños máis cómodos e trillados do que vén marcado polos boletíns e diarios oficiais. Polos horarios marcados, os exames programados e os criterios de avaliación establecidos. Sen grandes alar-des creativos, pero cumprindo con profesionalidade o seu cometido. Adáptase a cada normativa e esfórzase en ver cal é o camiño real que hai que tomar en cada momento para avanzar. Interesados en que o seu alumnado aprenda e aprobe e promocióne e “chegue a algo”.

Nin estes nin os outros o teñen fácil. A sociedade asiste perplexa a un incómodo debate educativo que se resolve en cambios organizativos frecuentes, máis de muda de palabras ca de propostas anova-doras e, no medio do desconcerto, arremete contra os docentes. Alguén ha ter a culpa e cargar coa razón do fracaso. O inxusto descrédito xeneralizado dos mes-tres (porque o son, máis ca profesores, con independencia do nivel educativo no que traballen, insistimos) non contribúe, senón que afonda no problema.

Non se principia pola escola

Certo é que a tarefa educativa non se afronta de principio na escola. Desde o nacemento, a familia ha de saber que é responsabilidade súa a educación dese novo membro. A transmisión do afecto coa fala e a través dela o acervo da comu-nidade, país ou como queiramos chamarlle. Os xogos cos que a familia vai ensinan-do o nome dos dedíños e o trote do cabalo

deBullando

son achegas de osíxeno necesarias para o desenvolvemento da criatura. Traelos ao patrimonio que compartimos e ir traballando os hábitos, convertendo en costume o bo facer, labrando as actitudes e impondo as regras que nos definen como boas persoas ou humanidade de ben.

Cando chegan á escola é o momento de asentar o que xa está feito, pero non son tempos de comezar a educación básica, que é responsabilidade da familia e que agora se verá compartida. A escola poderá ensinar contidos e valores para ser rapaz ou rapaza de ben, pero só se a familia apoia estas ensinanzas. Cando comparte, ou polo menos non desautoriza os valores nos que a escola está comprometida, os resultados serán óptimos. Educar "en contra" é unha tarefa baldía que enfronta aqueles que deben ser aliados porque o seu obxectivo ha ser o mesmo: "educar o neno ou a nena", e cando non se fai así, aínda que o profesorado o teña como obxectivo e o traballe no día a día, os resultados non serán os mesmos e o alumnado sentirase dividido.

Sociedade e familia

Agora ben, todos os presupostos educativos que vimos de enunciar teñen posibilidade de facerse efectivos no marco familiar actual? Moi frecuentemente as familias vense superadas polo escaso tempo que partillan cos fillos e fillas. Economías de subsistencia, traballos con moi escasas ou nulas posibilidades de conciliación coa vida familiar. Unha sociedade produtiva que engule todo, mesmo o tempo "produtivo" que os proxenitores lles dedican aos fillos e que, por ser tan escaso, haberá logo que mirar de remendar e compensar. É dicir, investimos despois en remendos o que

antes quixemos aforrar en atención debida. Os parches superarán con creces os custos da prevención. Quizais non se precise dun tempo excesivo, mais polo menos debería ser de calidade. Algo que tampouco pode ser substituído, naquelas familias que poden afrontalo economicamente, por un ir e vir de actividades, a modo de frenéticos taxistas, que tampouco garante *per se* a mellor das situacións educativas.

A instrución semella posible, mais... é posible a educación?

Mais esta educación que pretendemos formular ten cabida nos programas actuais, nas aulas que temos, nos horarios que mantemos, na forma de aprender e aproximarse ao mundo dos rapaces e rapazas?

Aprender a dialogar, argumentar, escoitar as razóns dos outros... Como e cando facemos iso? Nos recreos, nos escasos minutos entre clase e clase, na entrada da mañá ou na saída da tarde? Como dialogar, se non hai tempo para elo? E a curiosidade, como a cultivamos? Con 8 sesións diarias de 50 minutos nas que, sen penitencia, van caendo as certezas da bioloxía, a matemática, a física, a historia, a lingua..., nunha chuvia de datos supostamente interesantes que supostamente darán lugar ao saber e a formación dos remollados? Aguantariamos os adultos esas sesións de cultura diaria sen saír pedindo clemencia? Funcionan así as nosas mentes? Aprendemos os saberes por parcelas rigorosamente ordenadas e sistematizadas ou imos tras da curiosidade que nos leva bastante aleatoriamente da física á lingüística e de alí á química, para volver á historia e rematar na ecoloxía? Dito doutro xeito: a experiencia saborosa de probar o caldo é

deBullando

o que nos leva a aprender a facelo. Malamente o fariamos se a cata non nos fose satisfactoria.

Que son máis definitivas na aventura do saber? As certezas ou as dúbidas? Os camiños previamente trazados ou os que che toca a ti ir facendo? Abonda con chamar polo esforzo ou cómpre pensar en que non hai esforzo posible se este non ten un sentido que o xustifique?

Un mundo coa velocidade cambiante do actual dificilmente atopa resposta en propostas educativas tan ríxidas, tan alleas ao acontecer local, tan sistematizadas, tan sometidas a horarios e espazos físicos case que inmutables. Por dicilo dalgún xeito máis luminoso: hai que poñerse ao sol alí onde luza a raiola; non se trata de tragar a pílula do saber (con frecuencia, bastante amarga), senón de expoñerte ao sol do saber para que o coñecemento (aleatorio e diverso, por certo) te alcance. E para iso non hai outra que gozar da suficiente liberdade que faga posible colocar a cadeira alí onde mellor pega a luz. Daquela, non hai outra que poñer en solfa o papel e a formación do profesorado, a estrutura do centro, os regulamentos que organizan a vida escolar. Se non é así, na pública irán quedando os que non teñen peto para máis e os máis "afortunados" (de monetaria fortuna) andarán na busca de propostas alternativas e "máis excelentes". A ruptura económica verase referendada coa ruptura do acceso ao coñecemento.

Un berro seco pola utopía

Dicía Galeano que cando as cousas están tan absolutamente mal, non podemos permitirnós ser pesimistas.

Aínda nas circunstancias máis adversas, hai que buscar a maneira de facelo.

En todas as ordes da vida, na educación moito máis, non se pode ensinar sen esperanza. Non se pode traballar coa infancia e a mocidade, se nos falta a ilusión. Cando a escola funciona, pode converterse nunha illa gobernada polos valores do ben común fronte a unha sociedade na que se negan continuamente; velaí o seu tesouro: converterse nunha microutopía. Porque fronte ao que dicía Tust Cohle en *True Detective*, "O mundo necesita homes malos. Somos os que mantemos á raia os outros homes malos". Nós pensamos que só as boas persoas se poden enfrontar á maldade. Sabemos que é difícil, moi difícil, pero non imposible.

Xa o dicía Novoneyra:

"No bicarelo do bico do brelo
canta o paxariño.

No mesmiño
bicarelo do bico do brelo."

Van aparecendo espazos nos que traballar doutro xeito, como a biblioteca, os intercambios escolares, as aprendizaxes por proxectos, as celebracións culturais, a apertura á vida local que nos rodea...

Alumea, sabemos que algo alumea. Haberá futuro educativo se asumimos a vertixe, o de saber que está moi difícil prever o futuro, e diante desa ignorancia crear pensamentos abertos, áxiles, cambiantes, creativos, capaces de convencer ou de ser convencidos. Algo moi diferente do asentado, consabido, definido, triturado para ser engulido. Non temos total certeza sobre de todo isto, mais... que interesantes son a contradición e a dúbida. E sentar a escoitar o latexo.

Pilar Sampedro e Xosé Lois Vilar